

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE XUÑO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 18 de xuño de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 14 de xuño de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D^a. Fátima Dueñas Corchero (asiste ao punto 11c)
D^a. Luz González Domínguez (asiste ao punto 11d)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106)

Comunícase aos membros da Mesa que con data 5 de xuño de 2018 se notificou o acordo de clasificación á AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA e se lle requiriu a correspondente documentación, que foi presentada o 14 de xuño. Unha vez comprobada pola Mesa de Contratación, resultando incompleta a documentación, acórdase por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días hábiles á AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA para que complete a documentación requirida o 5 de xuño de 2018. Concretamente, deberá achegar unha declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- (único interlocutor entre a empresa e o Concello) e acreditar a solvencia técnica segundo o esixido na cláusula 8 do PCAP (*"Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato"* (67.760 €, IVE incluído). *"Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario"*).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:05	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AE4D-C5DE22-2CA2BH-U1ANTD-SECS3G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Adjudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas e o seu regulamento
- Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Entidades Locais
- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas
- Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de Costas
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento Adjudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo co criterio de adjudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adjudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 areal da Punta (A Guía):

	Licitadores	PUNTUACIÓN
1	ALBERTO LAGO CHAPELA	100,00
2	IVÁN MARTÍN BARCIELA	88,05



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:05	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AE4D-C5DE22-2CA2BH-U1ANTD-SECS3G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

- Lote 2 areal do Vao:

	Licitadores	PUNTUACIÓN
1	RICARDO SANTIAGO DAPONTE	100,00
2	MANUEL LAGO CHAPELA	98,06

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ALBERTO LAGO CHAPELA e RICARDO SANTIAGO DAPONTE, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (150.2 da LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 5 e 10 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 11 do PCAP (1.200 euros por lote) e, só para o lote 2, resgardo do depósito a disposición do xefe do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra (1.125 euros).

Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 192,20 euros (96,10 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, D. ALBERTO LAGO CHAPELA e D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE, o día 11 de xuño de 2018, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido, o 15 e 14 de xuño de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar D. ALBERTO LAGO CHAPELA (lote 1) e D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por D. ALBERTO LAGO CHAPELA (lote 1) e D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lote 2), de conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 7 de xuño de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- *“Autorizar a D. ALBERTO LAGO CHAPELA para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018, concretamente o lote 1 areal da Punta (A Guía) cun canon de 1.022 euros.*
- *Autorizar a D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018, concretamente o lote 2 areal do Vao cun canon de 4.203,33 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104)

Comunícase aos membros da Mesa que con data 15 de xuño de 2018 se notificou o acordo de clasificación a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. e se lle requiriu a correspondente documentación, que foi presentada o 18 de xuño. Unha vez comprobada pola Mesa de Contratación, resultando incompleta a documentación, acórdase por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. para que complete a documentación requirida o 15 de xuño de 2018. Concretamente, deberá achegar unha declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- (único interlocutor entre a empresa e o Concello) e acreditar a solvencia técnica segundo o esixido na cláusula 8 do PCAP (*“Unha relación dos principais traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:05	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AE4D-C5DE22-2CA2BH-U1ANTD-SECS3G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato [1.345.963,36 euros, IVE incluído], excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato. Os traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”).

AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. presentou un certificado de traballos realizados para o Ministerio de Fomento por un importe moi superior á anualidade media deste contrato pero referidos a 2014, polo que estaría fóra dos tres últimos anos esixidos no prego e no artigo 90.1a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335)

Comunícase aos membros da Mesa que con data 18 de xuño de 2018 se notificou o acordo de clasificación a FLUGE GALICIA, S.L. e se lle requiriu a correspondente documentación, que foi presentada o mesmo día. Unha vez comprobada pola Mesa de Contratación, resultando incompleta a documentación, acórdase por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días a FLUGE GALICIA, S.L. para que complete a documentación requirida o 18 de xuño de 2018. Concretamente, deberá presentar:
 1. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29.11 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- (único interlocutor entre a empresa e o Concello).
 2. Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais aos cales se comprometeu na súa oferta.
 3. Acreditación da solvencia económica e financeira segundo o previsto na cláusula 8 do PCAP (“Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 - Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 - Ao valor anual medio do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil”).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:05	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AE4D-C5DE22-2CA2BH-U1ANTD-SECS3G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. Acreditación da solvencia técnica e profesional segundo o previsto na cláusula 8 do PCAP (“*Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato [347.945,59 euros, IVE incluído]”.* “*Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”.*)

FLUGE GALICIA, S.L. achega un certificado asinado polo seu representante onde se relacionan unha serie de traballos similares realizados todos eles para Concellos; no entanto, ese certificado non serve para acreditar a súa solvencia técnica xa que o prego esixe a súa acreditación mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente ao ser os destinatarios dos traballos entidades do sector público.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:30, logo dun receso de 45 minutos. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:05	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AE4D-C5DE22-2CA2BH-U1ANTD-SECS3G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		